

2017

***GUÍA ORIENTATIVA
DE XUSTIFICACIÓN***

**FEDERACIÓNS DEPORTIVAS
GALEGAS**

ÍNDICE

INFORMACIÓN DE CARÁCTER XERAL.....	3
GASTOS SUBVENCIONABLES	4
1. No programa “Gastos xerais de funcionamento”:	4
2. No programa “Campionatos Galegos”:	5
3. Nos programas “Tecnificación”, “Rendemento”, “Alto Rendemento” e “Tokio 2020”:	5
4. Nos programas “Promoción do deporte feminino”, “Inclusión de deportistas con discapacidade” e “Promoción do deporte en maiores de 40 anos”:	6
5. No programa “Outros proxectos de especial relevancia”:	7
6. No programa “Outras actividades de promoción e fomento da modalidade con especial interese nas actividades de promoción en idade escolar”:	7
7. Xustificación do pagamento das arbitraxes	8
GASTOS NON SUBVENCIONABLES	8
REQUISITOS DAS FACTURAS.....	9
XUSTIFICACIÓN DOS PAGAMENTOS	11
Primeiro pagamento.....	11
Segundo pagamento.....	12
GASTOS POR CUSTOS LABORAIS	12
GASTOS DE DESPRAZAMENTO, MANUTENCIÓN E ALOXAMENTO.....	13
GASTOS DE VEHÍCULOS FEDERATIVOS	14
PAGAMENTOS CON TARXETA	15
PAGAMENTO CON CHEQUES.....	15
PAGAMENTO AOS CLUBS POR COLABORACIÓN NA ACTIVIDADE FEDERATIVA.....	15

INFORMACIÓN DE CARÁCTER XERAL

A xustificación da subvención rexeráse polo establecido na cláusula sexta do convenio anual de colaboración suscrito en 2017 pola Secretaría Xeral para o Deporte e a federación deportiva galega correspondente.

Logo da sinatura do convenio, efectuarase o pagamento do primeiro anticipo polo importe establecido (ata o 80% da cantidade total prevista).

A xustificación da subvención farase nos **prazos** establecidos no parágrafo 6.1. da cláusula sexta do convenio:

- 1º pagamento: ata o 30 de xuño de 2017.
- 2º pagamento: con anterioridade ao 31 de decembro de 2017.

De acordo co artigo 45 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a federación deberá presentar ante a Secretaría Xeral para o Deporte a xustificación do 1º e 2º pagamentos nos prazos fixados anteriormente. Despois de que transcorran estes prazos sen que se presente a xustificación correspondente, requiriráselle ao beneficiario que a presente no prazo improrrogable de **dez días**. A falta de presentación da xustificación neste prazo levará consigo a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención, a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de acordo co previsto na cláusula décimo primeira do convenio.

Os documentos xustificativos dos gastos e pagamentos deberán estar datados entre o 1 de xaneiro 2017 e o 30 de decembro deste ano.

O convenio fixa un importe económico para cada un dos seguintes programas:

1. Gastos Xerais de Funcionamento.
2. Campionatos Galegos.
3. Tecnificación.
4. Rendemento.
5. Alto rendemento.
6. Tokio 2020.
7. Fomento do deporte feminino.
8. Fomento e integración de deportistas con discapacidade.

9. Fomento de deporte en maiores de 40 anos.
10. Proxectos de especial relevancia (PER).
11. Outras actividades de promoción e fomento da modalidade, con especial interese nas actividades en idade escolar.

Cada programa xustificárase de forma individualizada pola cantidade asignada a este. É dicir, as facturas son exclusivas de cada programa e non poderán usarse para ningún outro. Se a factura que se presenta afecta a varios programas deberase especificar que cantidades afectan a cada un deles.

Para ter dereito ao primeiro pagamento será necesario:

- Ter asinado o convenio e presentado o anexo I.
- Ter, a Secretaría Xeral para o Deporte, constancia dos seguintes datos: DNI ou NIE da persoa representante, NIF da entidade; certificados de estar ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias coa AEAT, do cumprimento das obrigas fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma (no caso de que non se autorice a súa comprobación por parte da Secretaría Xeral para o Deporte, as federacións deberán presentar os documentos citados).

GASTOS SUBVENCIONABLES

No ámbito do convenio terán a consideración de gastos subvencionables, entre outros, os que de seguido se relacionan, entendendo que a seguinte relación é meramente enunciativa e non limitativa:

1. No programa “Gastos xerais de funcionamento”:

- a) As remuneracións de persoas traballadoras da federación e as súas correspondentes cotizacións obrigatorias á Seguridade Social e á Facenda Pública (IRPF), incluíndose nestas o persoal administrativo, de limpeza, mantemento, conserxería ou similar.
- b) Gastos de servizos profesionais independentes, entre outros: servizos de limpeza ou mantemento externos ou similares, asesoría xurídica, xestión laboral, auditoría, protección de datos, sistema contable ou similar.

- c) Gastos de aloxamento, manutención e gastos de viaxe do persoal directivo pola asistencia a asembleas, reunións e comités técnicos ou similares (non poderán incluírse neste apartado os desprazamentos ordinarios á sede federativa, os gastos das persoas asistentes ás asembleas nin os agasallos pola asistencia a estas).
- d) Gastos da sede federativa: alugamento (se procede), pago de impostos, gastos de comunidade, consumos de explotación (auga, enerxía), material de oficina.
- e) Reparacións e conservación: reparacións na sede, mantemento de equipos (servizos informáticos, fotocopiadora, fax).
- f) Os gastos derivados da utilización dos vehículos e outros medios de transporte federativos (seguros, mantemento, reparacións, combustible, peaxes, aparcadoiros...) que se imputen ao programa de gastos xerais.
- g) Comunicacóns: páxina web, teléfono, internet, fax, mensaxería.
- h) Gastos bancarios: gastos de póliza de créditos ponte.
- i) Seguros da sede, seguros de responsabilidade civil e outros seguros necesarios para levar a cabo o obxecto deste convenio.

2. No programa “Campionatos Galegos”:

Gastos derivados da organización destas competicións tales como arbitrxes [-apartado 7-](#), alugueiro de instalacións, material deportivo (non inventariable) necesario para os citados eventos, ambulancias, publicidade, carteleira, trofeos, medallas, equipamento ou outro material que se considere de necesidade para o seu desenvolvemento.

No caso de convenir a organización con outra entidade, teranse en conta os pagos derivados da delegación parcial ou total da organización, sempre que estean desagregados os conceptos de gastos e se entendan estes concordantes co convenio asinado entre federación e a entidade así como cos gastos subvencionables recollidos naquel.

3. Nos programas “Tecnificación”, “Rendemento”, “Alto Rendemento” e “Tokio 2020”:

- a) As remuneracións do persoal técnico (asociado a cada un dos programas), e as súas correspondentes cotizacións obrigatorias á Seguridade Social e á Facenda Pública (IRPF), incluíndose nestes o/a director/a técnico/a,

adestradores/as e outros/as profesionais de apoio que axuden á mellora do rendemento deportivo (fisioterapeuta, psicólogo/a, masaxista, nutricionista...).

- b) Alugueiro, mantemento, consumos de auga, electricidade, gas... e alimentación dos/as deportistas e adestradores/as asociados/as a cada un destes programas.
- c) Gastos en desprazamentos: recollen os gastos relativos ao transporte, manutención e aloxamento dos deportistas e adestradores incluídos en cada programa derivados da asistencia a concentracións, adestramentos e competicións.
- d) Material deportivo (non inventariable) e roupa deportiva do grupo de deportistas incluídos/as no programa.
- e) Os gastos derivados da utilización dos vehículos e outros medios de transporte federativos (seguros, mantemento, reparacións, combustible, peaxes, aparcadoiros...) asociados a cada programa.
- f) Gastos derivados da prestación de servizos de persoal técnico ou docente no desenvolvemento de cursos formativos relacionados coa actividade de tecnificación e rendemento.

4. Nos programas “Promoción do deporte feminino”, “Inclusión de deportistas con discapacidade” e “Promoción do deporte en maiores de 40 anos”:

Gastos derivados da organización destas competicións tales como arbitrxes [-véxase o apartado 7-](#), alugueiro de instalacións, material deportivo (non inventariable) necesario para os citados eventos, ambulancias, publicidade, carteleira, trofeos, medallas, equipamento ou outro material que se considere de necesidade para o seu desenvolvemento.

No caso de conveniar a organización con outra entidade, teranse en conta os pagos derivados da delegación parcial ou total da organización, sempre que estean desagregados os conceptos de gastos e se entendan estes concordantes co convenio asinado entre federación e a entidade así como cos gastos subvencionables recollidos naquel.

Os gastos derivados da prestación de servizos do persoal técnico ou docente no desenvolvemento das actividades.

5. No programa “Outros proxectos de especial relevancia”:

Gastos derivados da organización e execución do proxecto. Os importes asignados aos proxectos deste programa terán carácter finalista.

No caso dos proxectos de especial relevancia destinados a deportistas con características e necesidades especiais ou enfocados á promoción de talentos (en modalidades olímpicas e non olímpicas), poderanse xustificar dentro deste apartado mediante:

- Gastos de aloxamento, desprazamento e manutención dos/as deportistas incluídos/as no proxecto por asistencia a concentracións, adestramentos e competicións nos termos establecidos nos anteriores programas.
- Material deportivo e roupa deportiva do grupo de deportistas incluídos/as no proxecto.

6. No programa “Outras actividades de promoción e fomento da modalidade con especial interese nas actividades de promoción en idade escolar”:

- a) Material deportivo para competicións (non inventariable).
- b) Gastos derivados das instalacións específicas para o uso da súa actividade deportiva (alugueiro de pavillóns, alugueiro de piscinas, alugueiro de pistas deportivas, refuxios de montaña, alugueiro de material deportivo específico...).
- c) Pagos a entidades deportivas derivados da delegación parcial ou total da organización dunha determinada actividade deportiva
- d) Equipamento de seleccións (roupa, equipaxes).
- e) Gastos de canons federativos e inscrición a competicións.
- f) Gastos en licenzas extraordinarias.
- g) Gastos en desprazamentos: recollen os gastos relativos ao transporte, manutención e aloxamento de deportistas, técnicos/as, xuíces/xuízas, árbitros/as e representantes federativos/as, pola súa participación ou asistencia a eventos deportivos.
- h) Gastos de organización ou colaboración en competicións tales como arbitrxes [-véxase o apartado 7-](#), ambulancias, publicidade, carteleira, trofeos, medallas e calquera outro material necesario para o seu desenvolvemento.
- i) Gastos derivados da prestación de servizos de persoal técnico ou docente no desenvolvemento das actividades.

7. Xustificación do pagamento das arbitraxes

Para xustificar o pagamento das arbitraxes será suficiente con presentar unha certificación (para cada árbitro/a) na que se inclúa o número de arbitraxes, diferenciado por categorías e a cantidade que recibiu. Como xustificante é suficiente que se presente un recibín asinado polo/a árbitro/a.

GASTOS NON SUBVENCIONABLES

Sen prexuízo do establecido na lexislación vixente, e no resto do clausulado do convenio, non son gastos subvencionables:

- a) Os xuros debedores das contas bancarias.
- b) Xuros, recargas e sancións administrativas e penais.
- c) Os gastos de procedementos xudiciais.
- d) Os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.
- e) Os impostos sobre a renda das persoas física e xurídicas.
- f) Gastos de relacións públicas.
- g) Remuneración e cotización do/a presidente/a da federación.
- h) Material de publicidade e propaganda propios da federación.
- i) Premios en metálico ou obsequios a deportistas.
- j) Publicacións propias (anuario, revistas...).
- k) Compra de bens destinados á venda.
- l) Outros gastos sociais.
- m) Atencións persoais.
- n) Gastos en galas ou celebracións.
- o) Indemnizacións causadas pola extinción ou supresión dunha relación laboral, nos importes previstos na normativa para os expedientes de regulación de emprego por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción.
- p) En relación coas axudas de custo, en ningún caso se poderán tramitar cando xa se tivesen cuberto os gastos de desprazamento, aloxamento e alimentación. Tampouco serán gastos subvencionables as axudas de custo ou agasallos emitidas aos/as asembleístas con motivo da asistencia ás asembleas da federación.
- q) Axudas ou compensacións a todas aquelas persoas sancionadas en firme en materia de dopaxe.
- r) Os billetes emitidos e non utilizados.

- s) Gastos extras de hotel. Teñen esta consideración os gastos de bar, minibar, televisión e calquera outro que non se inclúa expresamente. Non serán considerados gastos extras de hotel os suplementos das salas de reunións, alimentación ou de lavandería, sempre e cando se facturen a nome da federación.
- t) Imposto sobre sociedades.
- u) Diñeiro en metálico a conta.

Ademais dos indicados anteriormente, quedan excluídos da posibilidade de subvención con fondos procedentes da Secretaría Xeral para o Deporte, salvo motivación escrita da federación posteriormente autorizada pola Secretaría Xeral para o Deporte, os seguintes gastos:

- a) Axudas económicas a deportistas. Poderase excepcionar aquelas autorizadas pola Secretaría Xeral para o Deporte logo da solicitude e entrega por parte da federación do obxecto da axuda así como dos criterios e baremos aplicables para a súa concesión. Estas bolsas deberán ser de igual contía e natureza para homes e mulleres nos mesmos niveis deportivos.
- b) Axudas económicas a entidades. Poderase excepcionar aquelas autorizadas pola Secretaría Xeral para o Deporte logo da solicitude e entrega por parte da federación do obxecto da axuda así como dos criterios e baremos aplicables para a súa concesión.

REQUISITOS DAS FACTURAS

- a) Deben presentarse xunto coa xustificación bancaria de que os pagamentos están realizados segundo os requisitos esixidos no artigo 42.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Para os efectos da súa consideración como subvencionable, considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados, e asinados pola federación.
- b) As facturas, salvo as correspondentes a gastos xerais, deberán facer referencia ao programa concreto ao que se atribúe o gasto segundo o establecido na ficha I do convenio referido ao reparto orzamentario por programa.

- c) De conformidade co establecido no artigo 42.3 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, para o caso de importes inferiores á 1.000 €, as facturas e as xustificacións bancarias, poderán ser substituídas polos recibín do/a correspondente provedor/a. Esta posibilidade de xustificación por recibín queda limitada, en todo caso, aos ámbitos das arbitraxes [-véxase o apartado 7-](#), axudas de custo e quilometraxes.
- d) No caso de facturas que superen o importe de 9.000 €, deberán achegarse polo menos tres orzamentos de tres empresas diferentes e a xustificación da elección da oferta correspondente. Os orzamentos deberán solicitarse, e estar datados con anterioridade á contratación levada a cabo pola federación.
- e) As facturas deben corresponderse cos gastos efectuados durante o exercicio e ser pagadas dentro do prazo da xustificación da subvención. En concreto deben reunir os seguintes requisitos:
- I. Número de factura e, se é o caso, serie.
 - II. Data de expedición.
 - III. Datos da empresa ou expedidor/a (nome, apelidos, denominación ou razón social, NIF e domicilio).
 - IV. Datos do/a destinatario/a, que deberá ser a federación subvencionada, ou do/a perceptor/a.
 - V. Descrición detallada do servizo prestado e prezo unitario da operación e o seu importe total.
 - VI. Deberá reflectirse o IVE correctamente aplicado. Cando a cota se repercute dentro do prezo, deberá indicarse “IVE incluído” así como a aplicación de calquera desconto ou rebaixa. En caso de estar exento de IVE deberase indicar expresamente na factura este extremo e o artigo da lei aplicable.
 - VII. Cantidade retida en concepto de IRPF, ou se é o caso, a descrición do motivo da exención se o houbese.
- f) Poderá emitirse unha factura simplificada (antigo ticket) nas operacións recoñecidas legalmente, entre outras:
- Transporte de persoas e as súas equipaxes.

- Servizos de hostalería e restauración prestados por restaurantes, bares e similares, así como o subministración de comidas e bebidas para consumir no acto.
- Utilización de instalacións deportivas.
- Aparcadoiro de vehículos.
- Tinturerías e lavanderías.
- Autoestradas de peaxe.

NOTA: No caso de presentar un único extracto que inclúa o pagamento de varias facturas é suficiente con resaltar as facturas dos gastos que se desexa xustificar en lugar das fotocopias para acompañar a cada unha delas.

XUSTIFICACIÓN DOS PAGAMENTOS

Primeiro pagamento.

Na xustificación do primeiro pagamento, ata o 30 de xuño, a federación deberá presentar a seguinte documentación:

- a) Anexo II.- Relación inventariada do material deportivo da federación, indicando o seu uso, estado de conservación e localización.
- b) Anexo III.- Relación de documentos e declaracións para o cobro do 2º anticipo.
- c) Anexo IV.- Relación clasificada da totalidade dos gastos realizados, conforme ao reparto orzamentario por programas recollido neste convenio.
- d) Facturas, con xustificación bancaria de que os pagamentos estean realizados cos requisitos esixidos no artigo 42.2 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Para os efectos da súa consideración como subvencionable, considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados, e asinados pola federación.
- e) As facturas, salvo as correspondentes a gastos xerais, deberán facer referencia ao programa concreto ao que se atribúe o gasto segundo o establecido na ficha I deste convenio referida ao reparto orzamentario por programa.
- f) Memoria económica explicativa única de cada un dos gastos presentados nesta xustificación relacionándoos coas actividades deportivas realizadas.

Para evitar duplicidades farase unha única memoria e incluírá os datos que se especifican en cada programa.

- g) Acreditación do cumprimento da aplicación pública da imaxe corporativa da Secretaría Xeral para o Deporte mediante a achega dos documentos gráficos nos que quede constancia.
- h) Anexo VI.

Segundo pagamento.

Na xustificación do segundo pagamento, con anterioridade ao 31 de decembro, a federación deberá presentar a seguinte documentación:

- a) Anexo V.- Relación de documentos e declaracións para a xustificación do segundo pago.
- b) Anexo IV.- Relación clasificada da totalidade dos gastos realizados, conforme ao reparto orzamentario por programas recollido neste convenio.
- c) Facturas, que deben cumprir as normas indicadas con anterioridade [-véxase Requisitos das facturas.](#)
- d) Memoria económica explicativa de cada un dos gastos presentados nesta xustificación relacionándoos coas actividades deportivas realizadas.
- e) Acreditación do cumprimento da aplicación pública da imaxe corporativa da Secretaría Xeral para o Deporte mediante a achega dos documentos gráficos nos que quede constancia.
- f) Anexo VI.

GASTOS POR CUSTOS LABORAIS

Entenderase exclusivamente por custos laborais os consistentes nas remuneracións realizadas ás persoas traballadores da federación e as súas correspondentes cotizacións obrigatorias á Seguridade Social e as retencións á conta do IRPF, así como as cotizacións sociais correspondentes á federación.

Os custos laborais soamente se poderán imputar como xustificación nos seguintes programas e coas seguintes limitacións:

- No ámbito do programa “Gastos xerais de funcionamento”: os correspondentes a persoal administrativo, de limpeza, mantemento, conserxería ou similar.
- No ámbito do programa tecnificación, rendemento, alto rendemento e Tokio 2020 os custos laborais correspondentes a técnicos/as, adestradores/as,

previamente asinados a cada programa, e outros profesionais de apoio que axuden á mellora do rendemento deportivo dos/as deportistas do programa (fisioterapeuta, psicólogo/a, masaxista, nutricionista, etc).

A xustificación dos custos laborais deberá ir acompañada dunha **certificación** do/a secretario/a da federación, co visto e prace do/a presidente/a, na que se estableza que as persoas traballadoras cuxos custos laborais se imputan á subvención son persoal laboral federativo durante o período comprendido polo presente convenio (**incluirase na memoria económica explicativa**).

Só poderán ser obxecto de subvención as remuneracións nas que se garante a igualdade salarial entre homes e mulleres. O/a secretario/a co visto e prace do/a presidente/a emitirá un **certificado** para tal efecto (**incluirase na memoria económica explicativa**).

Co obxectivo de garantir o dereito á igualdade salarial e á non discriminación retributiva entre homes e mulleres, no caso de que a federación teña en equivalentes niveis laborais traballadoras e traballadores, só poderán ser obxecto de subvención as remuneracións respecto das que se garante, a través da oportuna **certificación** emitida polo/a secretario/a co visto e prace do/a presidente/a, a igualdade salarial entre homes e mulleres (**incluirase na memoria económica explicativa**).

GASTOS DE DESPRAZAMENTO, MANUTENCIÓN E ALOXAMENTO

En términos xerais será de aplicación, por analogía, o establecido no Decreto 144/2001, de 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración Autónoma de Galicia para o grupo II, modificado por varios decretos posteriores 96/2011 de 5 de maio e 144/2008 de 26 de xuño, establecendo:

- Manutención completa: 37,40 €
- Media manutención: 18,70 €
- Aloxamento: 65,97 €
- Quilometraxe en vehículo particular: 0,19 € /km

Cando se presenten facturas que excedan destas cantidades, soamente será xustificable o importe establecido no punto anterior.

Para a xustificación de gastos de aloxamento, peaxes e aparcadoiro é preciso presentar as facturas xustificativas do gasto cos seus correspondentes xustificantes de pagamento.

A xustificación farase coas correspondentes axudas de custo, facturas, facturas simplificadas e billetes de transporte e incluírá, en todo caso, o motivo e o lugar ao que se viaxa, o intervalo de datas no que se produciu a viaxe e a relación dos viaxeiros e a súa función. No caso de ser xestionado por unha axencia de viaxes deberá presentarse ademais a factura detallada dos servizos prestados e o documento acreditativo do seu pagamento. (Se non aparece na factura, a dita información deberá explicarse na memoria económica de forma detallada).

Cando se presenten os documentos que xustifiquen as axudas de custo da quilometraxe polo uso dun vehículo propio, deberán incluír o número de km. e os lugares de partida e chegada, ou de paso, se fose necesario. Se inclúe pagamentos de autoestradas deberán presentar os tickets que os xustifiquen.

Se os quilómetros que se reflicten no documento de axuda de custos é superior ao que lle corresponde ao itinerario deberán explicar, na memoria de gastos, os lugares de paso e os motivos a que se debe.

GASTOS DE VEHÍCULOS FEDERATIVOS

No caso de que se imputen gastos de vehículos federativos (seguros, mantemento, reparacións, combustible, peaxes, aparcadoiros...) a federación deberá achegar con cada xustificación unha **certificación** asinada polo/a secretario/a co visto e prace do/a presidente/a, onde se relacionen todos os vehículos federativos, detallando a que programa/s deste convenio se imputarán os seus gastos (**incluirase na memoria económica explicativa**). Se estes gastos son imputados a máis dun programa, debe indicar que porcentaxe de imputación corresponde a cada un dos programas.

No caso dos gastos de combustible, na factura deberá figurar a matrícula do vehículo federativo. Se para os pagamentos se utilizan tarxetas de combustible, estas deberán ir vinculadas a un vehículo federativo, non a persoas concretas. No caso de facer os pagamentos con tarxetas bancarias federativas vinculadas a unha persoa concreta, a xustificación debe vir acompañada dunha **certificación** asinada polo/a secretario/a co visto e prace do/a presidente/a, onde se relacionen as tarxetas de crédito vinculadas a contas da federación e os/as seus/súas usuarios/as. Ademais, para cada desprazamento pagado deste xeito, deberase achegar unha **certificación** onde se especifique claramente cal é o motivo e o lugar ao que se viaxa, o intervalo de datas no que se produciu a viaxe, a relación dos/as viaxeiros/as e a súa función, xunto coas correspondentes facturas e xustificantes dos pagamentos. (**incluiranse na memoria económica explicativa**).

PAGAMENTOS CON TARXETA

Se os pagamentos das facturas xustificativas da subvención se realizan cunha tarxeta bancaria persoal, deberase achegar unha **certificación** da federación, asinada polo/a secretario/a co visto e prace do/a presidente/a, onde se especifique claramente, no caso de desprazamentos, o lugar de destino, o motivo e o lugar ao que se viaxa, o intervalo de datas no que se produciu a viaxe e a relación dos/as viaxeiros/as e a súa función, xunto coas correspondentes facturas e os seus pagamentos, así como a transferencia bancaria da federación á persoa titular da tarxeta. No suposto de calquera outro gasto, deberase presentar unha autorización da federación para facer ese gasto e utilizar esa forma de pagamento **(incluirase na memoria económica explicativa)**.

PAGAMENTO CON CHEQUES

No caso de pagamentos efectuados con cheques, entregárase para a xustificación unha copia do cheque xunto co correspondente extracto bancario onde figure o cargo. O cobro por parte do/a prestatario/a do servizo á federación terá que producirse no exercicio do convenio subvencionado.

Se o cheque se destina ao pagamento de varias facturas deberase explicar na memoria económica o número destas (con independencia de que se xustifiquen todas). Será suficiente achegar un único extracto relativo ás facturas presentadas.

PAGAMENTO AOS CLUBS POR COLABORACIÓN NA ACTIVIDADE FEDERATIVA

Se a Federación delega nun club deportivo toda a organización dunha actividade deportiva ou competitiva deberá asinar un convenio de colaboración con este club. Para a xustificación económica deste importe a federación deberá presentar o convenio asinado co club, xustificante bancario do pagamento do importe do convenio ao club, e as facturas, así como os xustificantes bancarios dos pagamentos feitos polo club para a realización da actividade conveniada ou ben factura oficial emitida polo club detallando todas as actividades realizadas e o custo de cada unha delas.